



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE E A FEDERACIÓN DE MULLERES DO RURAL DA PROVINCIA DE LUGO (AFAMMER) PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTUACIÓNS EN EXECUCIÓN DO PLAN CORRESPONSABLES

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora xeral de Promoción do Emprego e Igualdade da Consellería de Política Social e Igualdade, DECLARA

Que a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade formalizou con data 21 de marzo de 2024 o instrumento convencional arriba referido, por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2024.

Que o convenio ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, e a Federación de Mulleres do Rural da Provincia de Lugo (AFAMMER), para o cumprimento do Plan Corresponsables mediante a posibilidade de levar a cabo accións destinadas o establecemento de mecanismos de recoñecemento da experiencia de coidado non profesional que habiliten o acceso ás bolsas de coidado profesional, cando o desenvolvemento estatal o permita, con especial atención á situación de mulleres maiores de 45 anos.

A finalidade deste convenio consiste na execución do Plan Corresponsables, a través de actuacións que promovan a posta en marcha de procesos de avaliación e formación para o recoñecemento da experiencia laboral que permita o acceso ás bolsas de coidado profesional e impulsar a realización de diferentes actuacións de avaliación, formación, difusión e elaboración de censo de persoas con experiencia no coidados de nenas e nenos, especialmente mulleres de máis de 45 anos, para o recoñecemento da experiencia laboral formal ou non formal no sector dos coidados de menores ata 16 anos inclusive, que habiliten para o acceso ás bolsas de coidado profesional no domicilio no marco das actuacións do Plan Corresponsables.

A Federación de Mulleres do Rural da Provincia de Lugo (AFAMMER), comprométese a dar cumprimento o obxecto e finalidade sinalados entendendo como accións a desenvolver algunha das seguintes:

- Accións de difusión e información das actuacións contempladas no Plan Corresponsables.





- Edición de material didáctico.
- Formación ás persoas con experiencia laboral formal ou non formal e as que estean interesadas, sobre todo mulleres de máis de 45 anos para a obtención da acreditación formal para o coidado de menores de ata 16 anos.
- Asesoramento, avaliación e formación con perspectiva de xénero, ás persoas con experiencia laboral formal ou non formal, sobre coidado integral a menores.
- Actualización e mantemento do censo de persoas susceptibles de obtención do recoñecemento da experiencia laboral formal ou non formal no sector dos coidados de menores ata 16 anos inclusive.
- Elaboración dunha memoria sobre o proceso de asesoramento, avaliación e formación.
- Outras accións directamente relacionadas coa actividade desenvolvida ao abeiro do Plan Corresponsables, complementarias ás descritas nos parágrafos anteriores desta cláusula.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se asinou fundaméntase no seguinte:

A Federación de Mulleres do Rural da Provincia de Lugo (AFAMMER), é unha entidade sen ánimo de lucro constituída o 17 de novembro de 2022 que desenvolve ás súas actividades dentro do ámbito da Comunidade Autónoma Galega, e en particular, na provincia de Lugo. A Federación está composta por 5 asociacións de mulleres rurais que se atopan diseminadas en núcleos rurais da provincia de Lugo integrada por 200 mulleres do medio rural. Entre os seus fins está o de contribuír á igualdade de oportunidades e o desenvolvemento das mulleres rurais en todos os ámbitos (político, económico e social), fomentar a participacións das mulleres e mellorar o benestar social e a súa calidade de vida, así como promover a prestación de servizos sociais nas diferentes áreas de actuacións dos servizos sociais comunitarios.

As características das actividades que ofrece o proxecto así como o colectivo ao que van dirixidas esas actividades e a ausencia no ámbito territorial de entidades alternativas que dispoñan de infraestrutura material e medios humanos, técnicos amplamente cualificados son razóns que xustifican o apoio económico necesario para acadar os fins sinalados, por ser únicos na zona en realizar en levar a cabo accións destinadas a posta en marcha de procesos de





avaliación e formación para o recoñecemento da experiencia laboral que permita o acceso ás bolsas de coidado profesional e impulsar a realización de diferentes actuacións de avaliación, formación, difusión e mantemento do censo de persoas con experiencia no coidados de nenos e nenos, especialmente mulleres de máis de 45 anos, para o recoñecemento da experiencia laboral formal ou non formal no sector dos coidados de menores ata 16 anos inclusive no marco das actuacións do Plan Corresponsables.

Segundo o establecido no Decreto 123/2022, do 23 de xuño, no que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, correspóndelle á Secretaría Xeral de Igualdade, como órgano superior da Administración autonómica en materia de igualdade, entre outras, impulsar as actuacións conducentes á promoción da igualdade e á eliminación da discriminación entre mulleres e homes , así como a eliminación da violencia de xénero nos termos establecidos na Constitución, no Estatuto de Autonomía de Galicia, na Lei 7/2023, de 30 de novembro, para a igualdade efectiva de homes e mulleres de Galicia, na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 15/2021, do 3 de decembro, e na demais lexislación aplicable na materia.

A concesión directa da subvención a través deste convenio se efectuará ao abeiro dos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, na que se prevé a posibilidade de excepcionar do réxime ordinario de concorrência competitiva en base ao carácter singular das subvencións e razóns de interese público, social e humanitario, cal é o caso no que o interese prioritario é poder ofertar ás mulleres en situación de vulnerabilidade e ás mulleres do ámbito rural unha oportunidade de formación e empoderamento de cara a poderen acreditar a experiencia non formal no ámbito dos coidados, para lograr unha mellor vía de inserción e de promoción laboral, sobre todo ás mulleres de máis de 45 anos, tendo en conta tamén que as actuacións do convenio non están financiadas por ningunha outra subvención da Dirección Xeral de Promoción da Igualdade.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público que os exclúe expresamente no seu artigo 6.1 ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.





XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
POLÍTICA SOCIAL
E IGUALDADE



CORRESPONSABLES



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE IGUALDAD

SECRETARÍA DE ESTADO
DE IGUALDAD
Y PARA LA ERADICACIÓN DE LA VIOLENCIA
CONTRA LAS MUJERES

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se asinou, con exclusión doutras figuras.

A directora xeral de Promoción da Igualdade

Maria Quintiana Pérez

